

Foro Profesional
**SOLUCIÓN CONCRETAS
AO PROBLEMA DO BOTELLÓN**

Salón de Actos da Delegación Territorial de Ourense
Xunta de Galicia

14 de decembro de 2017

As altas taxas de consumo de alcohol constitúen un problema sanitario de primeira magnitude na sociedade actual, con importantes causas e derivacións de orde psicolóxico e social que afectan a toda a comunidade.

O problema toma unha especial gravidade cando falamos de consumo na mocidade porque incrementa notablemente as posibilidades de adicción, así como polos graves danos sanitarios, psicolóxicos e de relación que comporta.

Neste contexto, fai anos que a explosión do fenómeno denominado "botellón" incrementou de xeito expoñencial os prexuízos e riscos asociados ao consumo de alcohol. Unha realidade difícil, un problema coñecido pero en absoluto resolto, ante o que é necesario intervir.

Unha vez coñecido este grave problema, a nosa sociedade ten a necesidade e a obriga de buscar e atopar solucións eficaces para garantir a saúde e o benestar de toda a poboación.

Para este obxectivo, para buscar Solucións Concretas ao Problema do Botellón, a organización vai reunir a un grupo de expertos, profesionais con coñecementos e experiencia contrastada que van a aportar a súa visión, e xunto coas persoas e administracións relacionadas directamente co problema, van propoñer solucións concretas, cada un desde o seu ámbito de actuación, para superar este grave problema.

Este Foro, de carácter profesional, terá invitados procedentes de servizos sociais, sanidade e condutas adictivas, seguridade, educación, psicoloxía e socioloxía, xunto a representantes da administración municipal, autonómica e estatal; e por suposto, representantes de colectivos xuvenís. A través das súas propostas, que logo serán elevadas ás administracións e autoridades correspondentes con competencias na materia, a organización quere axudar á solución deste grave problema de saúde pública

AFORO LIMITADO. INSCRICIÓNS POR RIGOROSA ORDE DE CHEGADA.



Solucións concretas ao problema do Botellón

9,45 - 10,00h **Recollida de acreditacións e documentación**

10,00 - 10,30h **Inauguración do Foro**

10,30 - 11,15h **Conferencia de apertura.**

"Situación actual, contexto nacional e internacional"

Relatora: **Patricia Santa Olalla Peralta**. Xefa de Servizo. Subdirección Xeral de Coordinación de Programas do Plan Nacional sobre Drogas (PNSD).

11,15-12,30h **I Mesa de Axentes Sociais.**

"Situación actual e propostas no ámbito familiar, educativo e comunitario".

Exposición inicial: Situación en España e en Galicia.

Antonio Rial Boubeta. Profesor da USC.

Compoñentes da mesa:

- **Asociacións xuvenís.**
- **Celia Domínguez Mondragón**. ANPAS.
- **Xosé Manuel Domínguez Prieto**
Profesor. Director Instituto da Familia. Ourense.
- **Elena M^a. Castro Villalón**. Xefa do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa. Consellería de Educación.

12,30 - 13,00h **Pausa café**

13,00 - 14,15h **II Mesa de Prevención.**

"Situación actual e propostas no ámbito Sanitario, Psicolóxico e Social"

Presenta e modera: **Manuel Isorna Folgar**. Técnico de prevención de condutas adictivas. Concello de Catoira. Membro da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

Compoñentes da mesa:

- **Jorge Carballido Salgado**. Psicólogo. Unidade Municipal de Drogodependencias de Santiago de Compostela (UMAD).
- **Paz Villar San Martín**. Master en Drogodependencias. Técnico Concellería de Saúde de Ourense.
- **Leticia García Garrido**. Asociación Marexada.
- **Mónica Pérez Ríos**. D. Xeral de Saúde Pública. Servizo de Epidemioloxía. Profesora asociada da Universidade de Santiago de Compostela.

Salón de Actos

Xefatura Territorial de Ourense

Xunta de Galicia

14 de decembro de 2017

INSCRIPCIÓN GRATUITA

fundacioncontraelnarcotrafico@gmail.com

Teléfono: 615 911 451

Indicando: nome / dni / cargo / entidade

16,00 - 16,30h **Conferencia. O botellón dende o 061**

Manuel Bernárdez Otero. Director de Coordinación 061.

16,30 - 17,30h **III Mesa. Propostas concretas dende as administracións**

Presenta e modera: **Jorge Suanzes Hernández**.

Subdirector xeral de Fomento de Estilos de Vida Saudables. Consellería de Sanidade.

· **Milagros Otero Parga**. Valedora do Pobo.

· **Noa Tilve Cabada**

Centro Quérote + de Santiago de Compostela.

· **Alfredo L. García Rodríguez**. Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

· **Patricia Santa Olalla Peralta**. PNSD.

17,30 - 18,30h **IV Mesa. Situación actual e propostas concretas de orden legal e normativo**

Presenta e modera: **Manuel A. Couceiro Cachaldora**.

Presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico.

· **Jorge Suanzes Hernández**. Subdirector xeral de Fomento de Estilos de Vida Saudables. Consellería de Sanidade.

· **Antonio Piña Alonso**. Presidente da Audiencia Provincial de Ourense.

· **Breogán Rivo Iglesias**. Xefe de Grupo. Policía Autonómica.

· **Jesús Aguirre Muñoz**. Portavoz na Comisión Mixta Congreso-Senado para o Estudo do Problema da Droga.

Foro Profesional
**SOLUCIÓNS CONCRETAS
AO PROBLEMA DO BOTELLÓN**

Ourense, 14 de decembro de 2017

Salón de Actos da Delegación Territorial de Ourense
Xunta de Galicia (Avda. da Habana, 79-2)
+ info: 615 911451
fundacioncontraelnarcotrafico@gmail.com